- Tosques, Fabio (ed.), *20 Jahre digitale Sprachgeographie*, Berlin, Humboldt-Universität, 2014.

10:00-10:30

Helena Rebelo

(Universidade da Madeira / CLLC, Universidade de Aveiro)

- ALEMPS e AMPER: a Madeira e os Atlas

Resumo

No âmbito da Linguística, as recolhas que vão sendo feitas na Madeira (Região Autónoma da Madeira – RAM) vão surgindo em publicações como o são os atlas, nomeadamente no Atlas Linguístico-Etnográfico da Madeira e do Porto Santo (ALEMPS), coordenado por João Saramago do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, e no Atlas Multimédia Prosódico do Espaço Românico (AMPER), que, para o Português (AMPER_POR), é coordenado por Lurdes de Castro Moutinho do Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro. Embora os dados destes atlas não sejam coincidentes porque tratam de áreas complementares (ALEMPS: Fonética e Léxico/ AMPER: Prosódia), os dois partem de recolhas de corpora orais nas ilhas habitadas da RAM: Madeira e Porto Santo.

Pretende-se aqui, no geral: Compreender o contributo do ALEMPS e do AMPER para o estudo do português falado na RAM, através de, especificamente, 1) observar dados semelhantes, a nível de fenómenos fonéticos; 2) analisar a realização das vogais e das consoantes nos dois corpora e 3) verificar se há convergência/ divergência de dados para as duas ilhas, entre o ALEMPS e o AMPER. Suscita particular interesse comparar ocorrências da vogal [i] que, desde as teses de doutoramento de José Leite de Vasconcelos e Aniceto dos Reis Gonçalves Viana, chama a atenção dos especialistas. Aliás, a nível metodológico, a comparação é o método que se impõe, para o material presente no

ALEMPS e no AMPER, que será quantificado. A finalidade é realçar que a investigação a decorrer pode contribuir para dar alguma novidade. Os resultados responderão às seguintes perguntas: Que fenómenos fonéticos predominam no ALEMPS e no AMPER? Como surgem realizadas algumas vogais e consoantes nos dois corpora? Verifica-se maior convergência ou divergência de dados para as duas ilhas, entre o ALEMPS e o AMPER?

Palabras chave

Madeira, atlas, ALEMPS, AMPER

Bibliografia

- Cintra, Luís Filipe Lindley. 2008. “Os Dialectos da Ilha da Madeira no Quadro Geral dos Dialectos Galego-Portugueses”, 26/12/1990, transcrito, com algumas alterações, sob o título “Os Dialectos da Ilha da Madeira no Quadro dos Dialectos Galego-Portugueses”, in *Cultura Madeirense. Temas e problemas*, José Eduardo Franco (coord.), Campo das Letras, 2008, pp. 95-104.
- Cunha, Celso e Cintra, Luís Filipe Lindley. 1995. *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa: Sá da Costa.
- Nunes, Naidea, Rebelo, Helena, Saramago, João e Vitorino, Gabriela, (2018) *Atlas Linguístico-Etnográfico da Madeira e do Porto Santo: A Criação de Gado*, Funchal, SRTC | DRC: Serviço de Publicações, FCT-Corpus para um atlas linguístico de Portugal (“Corpus”) (projecto do Programa Lusitânia: PLUS/C/LIN/800/93), 253 pp, ISBN: 978-972-648-225-3.
- Rebelo, Helena, Nunes, Naidea e Saramago, João (2024) *Atlas Linguístico-Etnográfico da Madeira e do Porto Santo: A Vinha e o Vinho - Os Trabalhos do Linho e da Lã*, Funchal, SRTC | DRC: Serviço de Publicações, FCT-(UIDB/00214/2020), 264 pp, ISBN: 978-972-648-305-2.
- Rebelo, Helena. 2022. *O Falar do Porto Santo: A Variação no Vocalismo Oral Acentuado*, Lisboa: Edições Colibri.
- Rebelo, Helena (2015) “Acerca da Prosódia nas Ilhas Madeirenses” in *Estudos em Variação Geoprosódica*, Lurdes de Castro Moutinho, Rosa Lúcia Coimbra, Elisa Fernández Rei (Coord.), Aveiro, UA Editora Universidade de Aveiro Serviços de Biblioteca, Informação Documental e Museologia, pp. 53-78, ISBN 978-972-789-467-3
<http://blogs.ua.pt/linguistica/>
- Rebelo, Helena (2014) “Património Linguístico Madeirense: Alguns Aspectos Lexicais, Fonéticos, Morfológicos e Sintáticos” in *Língua Portuguesa, Estudos Lingüísticos*, vol. II, DIOS, Ángel Marcos (ed), Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, pp. 627-647, ISBN 978-84-9012-445-1.
- Rebelo, Helena (2014) “O Arquipélago da Madeira no Projecto AMPER. Comparação de Alguns Dados Prosódicos de Duas Informantes da Ilha da Madeira (Calheta e São Jorge)”, in *Fonética Experimental, Educación Superior e Investigación*, Vol. III. Prosódia, pp. 309-322, Yolanda Congosto Martín, María Luisa Montero Curiel e Antonio Salvador Plans (Eds), Madrid, Arco-Libros - La Muralla. ISBN: 978-84-7635-882-5.
- Rebelo, Helena (2005-2008) “A Escrita do Falar do Arquipélago da Madeira em Textos do Século XX: Quatro Propostas”, *Actas do VIII Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas. Da Galiza a Timor. A Lusofonia em Foco*, 18 a 23 de Julho de 2005, Carmen Villarino Pardo, Elias J. Torres Feijó e José Luís Rodríguez (org.), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. vol. I, pp.891-898.
- Rogers, Francis Millet, “Insular Portuguese Pronunciation: 2 – Porto Santo and Eastern Azores”, in *Hispania Review*, Pennsylvania, Lancaster Press, 1948, vol. XVI, pp. 1-32.
- Rogers, Francis Millet – “Insular Portuguese Pronunciation: 1 – Madeira”, in *Hispania Review*, U.S.A., 1946, pp. 235-253, vol. XIV.
- Vasconcelos, José Leite de (1901). *Esquisse d’une Dialectologie portugaise*, 2.^a ed., preparada por Maria Adelaide Valle Cintra, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos, 1970.
- Viana, Aniceto dos Reis Gonçalves (1883). *Essai de Phonétique et de Phonologie de la Langue portugaise d’après le Dialecte actuel de Lisbonne*, revista Romania, XII França, 1941.

10:30-11:00

Romário Duarte Sanches (Universidade Federal do Amapá)

- Novos enfoques para o mapeamento geolinguístico na Amazônia setentrional

Resumo

A comunicação oral busca apresentar um panorama dos estudos geolinguísticos no estado do Amapá, destacando iniciativas já consolidadas e novas frentes de pesquisa. Entre os trabalhos concluídos, destaca-se o Atlas Linguístico do Amapá - ALAP (Razky, Ribeiro e Sanches, 2017), que constituiu o primeiro levantamento sistemático da variação lexical e fonética do português falado no estado. Somam-se a ele pesquisas em comunidades tradicionais como o mapeamento lexical falado pelo povo indígena Wajãpi (Rodrigues, 2017), que evidenciou o contato entre o português e a língua Wajãpi; o mapeamento da variação fonética do português falado pelos povos indígenas Galibi Marworno e Karipuna do Amapá (Carvalho, 2019); o Atlas Linguístico dos Karipuna (Sanches, 2020) e o mapeamento da variação lexical do português falado em comunidades quilombolas do Amapá (Coelho, 2024). Os novos enfoques abordados na comunicação apontam para três iniciativas em curso. A primeira é a elaboração do volume 2 do Atlas Linguístico do Amapá, voltado para a atualização dos dados e refinamento da cartografia linguística. A segunda é o Atlas Linguístico Sonoro do Amapá – ALSAP (Santos, 2025), que visa disponibilizar, em plataforma interativa, mapas dinâmicos e dados sonoros do português falado no Amapá, democratizando o acesso às informações e possibilitando análises comparativas. Por fim, destaca-se o mapeamento da variação morfossintática no português falado na mesorregião sul do Amapá, cujo objetivo é elaborar um atlas linguístico de pequeno do domínio do estado (Souza, em andamento). Assim, esta comunicação articula um olhar retrospectivo sobre os marcos da geolinguística no Amapá com propostas de pesquisa atuais que integram tecnologia, interdisciplinaridade e valorização das identidades linguísticas da Amazônia Setentrional.

Palabras chave

Atlas linguísticos, Geolinguística, Amazônia, Amapá

Bibliografía

- CARVALHO, A. da C. Estudo geossociolinguístico do português falado em áreas indígenas Galibi-Marworno e Karipuna. 2019. 128 f. Dissertação (Mestrado em Letras) - Instituto de Letras e Comunicação, Universidade Federal do Pará, Belém, 2019.
- COELHO, Helen Costa. Diversidade lexical em comunidades afro-amapaenses: contornos diatópicos, diastráticos e diarreligiosos. 2024. Tese (Doutorado em Letras: Linguística e Teoria Literária) - Universidade Federal do Pará, Belém, 2024.

11:30-12:00

Daniela Samira da Cruz Barros

(Universidade Federal Rural do Rio de Janeiro)

- Ecos linguísticos de Minas Gerais: memórias do ALiB e do EALMIG

Resumo

O Esboço do Atlas Linguístico de Minas Gerais (EALMG), publicado em 1977, constitui o segundo atlas linguístico elaborado no Brasil e representa um marco nos estudos geolinguísticos nacionais. Idealizado por Mário Roberto Zágari, José Ribeiro, José Passio e

Antônio Gaio, o projeto abrangeu uma rede de 184 localidades mineiras, incorporando informantes de diferentes níveis de escolaridade. Ao articular métodos tradicionais da dialetologia com aportes da sociolinguística norte-americana, o EALMG ampliou o escopo analítico da geolinguística brasileira e evidenciou a existência de três falares distintos no território mineiro. Este trabalho apresenta uma pesquisa em andamento cujo objetivo é recuperar, organizar e analisar dados de fala coletados no estado de Minas Gerais pelo Prof. Mário Roberto Zágari (UFJF), até o início dos anos 2000, no âmbito dos projetos EALMG e do Atlas Linguístico do Brasil (ALiB). A metodologia desta pesquisa consiste, inicialmente, na avaliação, em conjunto com a equipe do ALiB, das técnicas mais adequadas para a recuperação deste acervo sonoro originalmente registrado, pelo Prof. Mário Roberto e suas equipes de bolsistas, em fitas cassete, buscando assegurar a melhor qualidade possível dos dados. Em seguida, partimos para a digitalização do material, sua organização em arquivos de áudio, bem como a transcrição e identificação do corpus, sempre de acordo com os protocolos adotados pelo ALiB. O quadro teórico-metodológico fundamenta-se a partir da Sociolinguística Laboviana e no modelo de digitalização, anotação, arquivamento e disseminação do Projeto NURC recuperado, recentemente, por Oliveira Jr. (2019), alinhado a diretrizes internacionais de preservação de dados digitais. A recuperação desse acervo contribui para a preservação da memória linguística de Minas Gerais e para o fortalecimento de pesquisas futuras em Dialetologia, Sociolinguística e História do Português Brasileiro. Esperamos contribuir para a publicação do segundo volume do EALMG e com a inserção desses dados nas publicações do Atlas Linguístico Brasileiro.

Palabras chave

Atlas linguístico, Variação linguística, Minas Gerais, Falares mineiros, Dialetologia.

Bibliografía

- CARDOSO, S. A. M.; MOTA, J. A. (Orgs.). Atlas Linguístico do Brasil. Volume 1. Londrina: EDUEL, 2014.
- RIBEIRO, J. et. al. Esboço de um Atlas Linguístico de Minas Gerais. v. 1. Rio de Janeiro: Fundação Casa de Rui Barbosa; Universidade Federal de Juiz de Fora, 1977.
- LABOV, William. Padrões Sociolinguísticos. Tradução de Marcos Bagno, Maria Marta Pereira Scherre, Caroline Rodrigues Cardoso. São Paulo: Parábola Editorial, 2008 [1972].
- MARTINS, E. F. Atlas linguístico do Estado de Minas Gerais: o princípio da uniformidade da mudança linguística nas características fonéticas do português mineiro. Revista Virtual de Estudos da Linguagem, v. 4, n. 7, p. 1-13, 2006. Disponível em: http://www.revel.inf.br/files/artigos/revel_7_atlas_linguistico_do_estado_de_minas_gerais.pdf. Acesso: 20 nov. 2025.
- OLIVEIRA Jr., Miguel. NURC Digital Um protocolo para a digitalização, anotação, arquivamento e disseminação do material do Projeto da Norma Urbana Linguística Culta (NURC). (2016). CHIMERA: Revista De Corpus De Lenguas Romances Y Estudios Lingüísticos, 3(2), 149-174.
- RIBEIRO, J. et al. Esboço de um atlas linguístico de Minas Gerais. Rio de Janeiro: Casa de Rui Barbosa, 1977.
- ZÁGARI, M. R. L. Os falares mineiros: esboço de um atlas linguístico de Minas Gerais. In: AGUILERA, V. de A. (org.). A geolinguística no Brasil: trilhas seguidas, caminhos a percorrer. Londrina: EDUEL, 2005 [1998]. p. 46-72.

12:00-12:30

José Leonildo Lima, Cássia Regina Tomanin, Fernanda Cristina Araújo), Neusa Inês Philipsen e Valéria Cardoso Faria

(Universidade do Estado de Mato Grosso)

- *Atlas Linguístico do Estado de Mato Grosso - ALiMAT*: alguns aspectos fonéticos-fonológicos, semânticos-lexicais e morfossintáticos

Resumo

A elaboração do Atlas Linguístico do Estado de Mato Grosso – ALiMAT tem como objetivo descrever a realidade linguística do estado de Mato Grosso, com enfoque prioritário na identificação das diferenças diatópicas: fonéticas, morfossintáticas e léxico-semânticas. Os procedimentos para a realização da pesquisa, com o intuito de obter as informações para a elaboração do ALiMAT, são os seguintes: estudo do espaço histórico e social e seleção dos pontos de inquérito. Foram selecionados 16 (dezesseis) pontos de inquérito, levando em conta municípios com idade acima de 60 anos. Quanto aos informantes, o questionário foi aplicado a dois homens e duas mulheres, sendo um homem e uma mulher com idade entre 18 e 30 anos e um homem e uma mulher com idade entre 50 a 65 anos, com ensino fundamental completo, nativos da região, profissão fixa e boa fonação. O questionário, baseado no Atlas Linguístico do Brasil – ALIB, contou com um questionário fonético-fonológico (QFF) com 149 questões, um questionário semântico-lexical (QSL) com 285 perguntas, distribuídos em 15 áreas semânticas e um questionário morfossintático (QMS) com 46 perguntas, além de questões referentes ao discurso livre. Abordaremos aqui alguns aspectos fonéticos-fonológicos, semânticos-lexicais e morfossintáticos, como resultado da pesquisa em fase de conclusão. Em relação aos aspectos fonéticos e fonológicos citamos as seguintes variações: [ÈpRatSileh«] / [ÈpàRtSileh«], [tRaÈbisehU]/[tRaÈvisehU], [ÈahvoRe] / [Èahvi], [ÈpineU] / [ÈpeneU], [oÈRe´«] / [oÈRei«], [u]ÈbigU / [e]ÈbigU etc. Quanto aos aspectos semânticos-lexicais ocorreram variações como córrego, corgo e riacho, redemoinho e rebojo, João-de-barro e massa-barro, penca e palma, meleca e carne seca, grampo (com pressão), ramona e invisível entre outras. Quanto aos aspectos morfossintáticos, temos variações como alemã e alemoa, menos e menas, o presidente e a presidenta, ladra e ladrona entre outras.

Palabras chave

Atlas; Dialetoлогия; Mato Grosso; variação linguística.

Bibliografia

12:30-13:00

Amanda Alevato de Sant'Anna & Adriana Leitão Martins

(Universidade Federal do Rio de Janeiro)

- Realizações linguísticas dos aspectos progressivo, prospectivo e completivo: um olhar para a variedade do Rio de Janeiro

Resumo

Aspecto refere-se às diferentes formas de visualização temporal interna de uma situação (Comrie, 1976). Segundo Cinque (1999; 2006), há 23 tipos de aspecto, dentre os quais se destacam três: aspecto progressivo diz respeito a uma situação que acontece em um determinado ponto no tempo dentro de um intervalo de tempo maior (“Ana está cantando no bar agora”); aspecto prospectivo, a uma situação que marca um ponto antes do início de um evento (“O cachorro quase comeu o bolo”); e aspecto completivo, a uma situação télica completada, ou seja, em que se alcançou o ponto final (“O cachorro comeu (todo) o bolo”). Nosso objetivo é investigar as realizações linguísticas, a saber, verbais e adverbiais, dos aspectos progressivo, prospectivo e progressivo associados ao presente na variedade

carioca do português brasileiro (PB). A hipótese é de que as realizações verbais e adverbiais de tais aspectos associados ao presente por falantes do Rio de Janeiro são: (i) o aspecto progressivo é realizado por meio da perífrase formada por verbo auxiliar “estar” no presente + verbo principal no gerúndio; (ii) o aspecto prospectivo é realizado por meio da perífrase formada por “estar prestes a”, com verbo auxiliar “estar” no presente, + verbo principal no infinitivo; (iii) o aspecto completivo é realizado por meio do advérbio “completamente”. As realizações linguísticas contidas nas hipóteses foram baseadas em Freitag (2007) e Cinque (1999; 2006), para a hipótese (i), e em Cinque (1999; 2006), para as hipóteses (ii) e (iii). Serão analisadas cinco horas de fala espontânea de homens e mulheres da cidade do Rio de Janeiro, entre 18 e 59 anos e com Ensino Médio (in)completo. Os dados serão coletados do corpus online e gratuito do grupo PEUL (Programa de Estudos sobre o Uso da Língua). Espera-se que os resultados vão na direção das hipóteses propostas.

Palabras chave

aspecto, realizações linguísticas, variedade do Rio de Janeiro, português brasileiro.

Bibliografía

- CINQUE, G. Adverbs and functional heads: a cross-linguistic perspective. New York: Oxford University Press, 1999.
- CINQUE, G. Restructuring and Functional Heads: The Cartography of Syntactic Structures. V. 4. New York: Oxford University Press, 2006.
- COMRIE, B. Aspect: an introduction to the study of verbal aspect and related problems. New York: Cambridge University Press, 1976. Freitag, R. A expressão do passado imperfeito no português: variação/gramaticalização e mudança, 2007.

XOVES 16, AULA C09

9:00-11:00

PANEL Juan M. Carrasco (Universidad de Extremadura) (coord.)

- A fala de Xálima

A partir dunha realidade de uso maioritario da fala dos “tres lugares” de Cáceres, nos nosos días vense síntomas de ruptura na transmisión ás novas xeracións. Unha das nosas comunicacións, cunha orientación metodolóxica da sociolingüística aplicada á política lingüística, móstranos os indicadores alarmantes que revelan esta situación, que pode levar a unha substitución polo castelán, e fai unha proposta de urxencia para revertila. Por outro lado, a fala de Xálima é unha variedade de características únicas que posúe unha importante variación interna. Este feito dificulta ás veces iniciativas de normalización da variedade minorizada. Unha das consecuencias é a dificultade de levar a cabo propostas de normativización, especialmente no caso de establecer unha ortografía común. A propósito deste problema, preséntase unha comunicación que ó encontro deste problema co estudo das dificultades ortográficas que atoparon os primeiros escritores da fala, xa no século XX; este traballo de metodoloxía propia da revisión documental, tem como obxectivo documentar de forma obxectiva os problemas grafemática da fala. Un dos problemas máis complicados de afrontar na ortografía desta variedade é a variación nos resultados das vogais átonas nas tres variedades e as consecuencias para unha posible solución grafemática. Cunha metodoloxía de análise dialectal de entrevistas e comparación diacrónica (com datos de diferente orixe) e sincrónica (coas variedades

mañega e lagarteira), a proposta céntrase no valverdeiro, que completa deste modo estudos previos do autor sobre o lagarteiro e o mañego. Finalmente, unha cuarta comunicación parte da análise do *Diccionariu de A Fala: lagarteiru, mañegu, valverdeñu* do Prof. Miroslav Valeš, onde se establecen liñas precisas de separación entres as tres variedades, reforzando unhas fronteiras lingüísticas e identitarias que non sempre son así na realidade. Isto leva a facer algunhas consideracións sobre o papel da lexicografía na conciencia dos falantes e as consecuencias para as iniciativas de normativización e normalización. Para iso adapta a metodoloxía de léxico disponible nunha perspectiva sociolingüística.

- A evolución da situación sociolingüística nos últimos 30 anos - Xosé Henrique Costas (Universidade de Vigo)

As falas do Val do Río Ellas ou de Xálíma sorprenden a calquera investigador pola súa vitalidade, pois son usadas coloquialmente con orgullo pola inmensa maioría dos falantes dos tres concellos cacereños onde se emprega e é normal alí a transmisión entre xeracións.

Porén, entre as enquisas sociolingüísticas realizadas na década de 1990 (Martín Galindo, Sónora et alii, Costas etc.) e as mais recentes da década de 2020 (Costas 2023 e 2025), detéctase nestes últimos 30 anos -nun avesío panorama de recesión demográfica- un aumento considerable dos usos familiares bilingües con diminución dos usos monolingües; un aumento dos nenos con lingua materna castelá; e, xa que logo, un aumento preocupante de usos bilingües e monolingües en castelán na poboación infantil e xuvenil, o que delata ás claras o inicio alarmante do camiño da substitución lingüística. Exporemos na nosa intervención unha comparación entre as diversas enquisas, trataremos de achegar explicacións a este retroceso do monolingüismo social nas falas en favor dos usos bilingües ou xa monolingües en castelán, e proporemos algunhas solucións de urxencia para evitar este declive.

- Las dudas ortográficas en los primeros autores de la Fala - Ana Alicia Manso Flores (Universidad de Extremadura)

Las primeras manifestaciones escritas en la Fala del Xálíma surgen a principios del siglo XX en paralelo al movimiento regionalista en Extremadura. Este supuso una valorización del patrimonio lingüístico y cultural, así, aparecieron distintas publicaciones con vocabularios y textos que recogían las particularidades lingüísticas. En consonancia con esta realidad, en la lengua del Xálíma fueron compuestas tres textos que datan de la primera mitad de siglo. Se trata de dos publicaciones en mañegu, que relatarán escenas costumbristas (“Cuadro de costumbres”, López Vidal, 1910) o humorísticas-instructivas (“Cerrumíquilis sin alas”, 1926), y otra en valverdeiru, en este caso, pequeñas obras de teatro de tipo moralizante (*Sainetes*, López Lajas, años 30-40). Ahora bien, los autores se encontraron ante la dificultad de escribir en una lengua ágrafa hasta entonces, con la dificultad además de presentar sonidos que no existen en castellano y, por tanto, una escolarización en esta lengua no proporcionaba soluciones que permitiesen su escritura desde esta base. Antes estas circunstancias, introdujeron usos del portugués o del gallego, u optaron por crear nuevas grafías.

En la comunicación se propone un análisis del tratamiento vocálico, consonántico y acentual a partir de una lista de elementos que conformaría el sistema ortográfico de la Fala. De este modo, se podrán observar soluciones dispares, puntos en común y vacilaciones gráficas en una lengua hasta entonces ágrafa. Este examen permite identificar las correspondencias fonema-grafía percibidas por los hablantes cultos en el contexto de una etapa prenortativa, fundamental esta para comprender la evolución gráfica posterior de la lengua.

- Variación na fala: vogais átonas en valverdeiru - Juan M. Carrasco (Universidade de Extremadura)

As vogais en posición átona, especialmente e e o, mostran diferentes opcións de pronuncia na fala de Xálma. Neste traballo estudaranse os condicionamentos fonéticos que determinan a pronuncia destas vogais en valverdeiru (a fala de Valverdi du Fresnu). En primeiro lugar, para a situación actual, utilízanse enquisas realizadas polo proxecto de investigación FRONTESPO, accesibles na web e transcritas para este traballo. Posteriormente, compáranse os resultados coa evolución diacrónica rexistrada pola documentación histórica e os estudos de dialectoloxía levados a cabo desde o inicio de século XX. As vogais átonas do valverdeiru confrontaranse coa pronuncia destas vogais en lagarteiru (a fala de As Ellas) e mañegu (a fala de San Martín de Trebellu), variedades que xa foron analizadas en traballos anteriores. Finalmente, trátanse os problemas de planificación e normativización a que da lugar, porque a diverxencia nas solucións presentadas polas tres variedades ven sendo un dos estorbos para o acordo dunha ortografía unificada e para a adopción dun estándar funcional para o ensino da fala, o seu uso na administración comarcal e a difusión dentro e fora das tres localidades.

- Da variación á hiperdiferenciación dialectal: o casu do *Diccionariu de A Fala: lagarteiru, mañegu, valverdeñu* - Tamara Flores Pérez (CLLC, Universidade de Aveiro)

A presentí comunicación analiza o *Diccionariu de A Fala: lagarteiru, mañegu, valverdeñu* (Valeš, 2021) como un casu paradigmático de hiperdiferenciación dialectal nun contexto de ausencia de norma escrita i de forti conciencia local. Desta forma, se examinan os mecanismos por os que as variantis fonéticas son elevás á categoría de lemas independentis e adscritas a ca unha das variedades. Esta estratexia reforza unha visión de fronteiras nítidas entre lagarteiru, mañegu i valverdeiru, a pesar de que numerosos fenómenos presentan unha distribución gradual o compartía. No traballo tamén abordamos o tratamento do género gramatical i outras variantis morfolóxicas, así como a coherencia (o a falta dela) entre a vontade de registrar toa a diversidade dialectal i as intervencións editoriais orientás a manter unha mínima homogeneidade. Se analizan, por outra parte, as marcas do diccionariu (*cast.*, *coloq.*, *minor.*, *act. menos u.*, etc.), con especial atención á marca *castellanismo*, que non se entendi en termos etimolóxicos.

En diálogo coas creencias dos falantes descritas en outros traballos (como a centralidade do nivel fónico como elemento diferencial o o desexo de autonomía lingüística frenti ao castelán), evaluamos como dita obra actúa como un agente de fixación metalingüística:

consolida como rasgos distintivos aquilo que, en certos casos, son *rasgos populares* ou fluctuacións individuais, ao tempo que invisibiliza a erosión dos *rasgos constitutivos*. O estudo permite, así, reflexionar sobre o papel da lexicografía na representación —e na construción— da diversidade interna das linguas minorizadas e sobre as implicacións desta metodoloxía para a planificación lingüística.

11:30-12:00

Sabela Fernández Silva (Pontificia Universidad Católica de Valparaíso)

Belén Villena Araya (Universidad de Playa Ancha)

- O papel da tradución na normalización lingüística das linguas indíxenas minorizadas de Chile: o caso da tradución de textos xurídicos ao mapuzugun

Resumo

O mapuzugun, a lingua indíxena con maior número de falantes en Chile, atópase nun proceso de desprazamento lingüístico en favor do castelán, sobre todo por parte da xuventude e da infancia en contextos urbanos (Alonqueo et al. 2022; Zúñiga e Olate 2017). Esta situación sociolingüística vese agravada pola ausencia dun marco lexislativo que garanta os dereitos lingüísticos dos seus falantes, e pola falta de políticas lingüísticas que promovan o seu uso e aprendizaxe de xeito efectivo. Porén, malia este contexto adverso, nos últimos anos estase a producir un aumento significativo da produción escrita no ámbito xurídico en mapuzugun, impulsado pola tradución de textos legais desde o castelán. Este proceso vén motivado, en parte, pola obriga do estado chileno de fornecer tradutores e intérpretes aos falantes mapuches involucrados en procesos xudiciais, derivada da ratificación de convenios internacionais. Este proceso tradutor enfrontase a varias dificultades, sendo as máis importantes de índole terminolóxico-conceptual, derivadas da asimetría entre os sistemas xurídicos e a falta de equivalencias no mapuzugun da terminoloxía xurídica en castelán (Mayoral, 2002).

Nesta comunicación presentamos os resultados dun estudo baseado nun corpus de 30 textos xurídicos bilingües español-mapuzugun, no que se analizan as estratexias de tradución empregadas na transferencia de terminoloxía legal cara ao mapuzugun. A análise permitiu identificar unha ampla variedade de técnicas, destacando a creación neolóxica en lingua propia como recurso máis produtivo por diante do préstamo ou da elisión. Tamén se observou unha notable variación terminolóxica, aínda que con certa sistematicidade, no emprego de bases léxicas recorrentes, o que indica un proceso de innovación léxica coherente aínda que non normalizado. Finalmente, reflexionamos sobre a tradución xurídica como un espazo de normalización lingüística espontánea, onde tradutores e intérpretes cumpren un rol importante como axentes de revitalización, expandindo os recusos da lingua para que sexa empregada en contextos especializados.

Palabras chave

terminoloxía, linguas amerindias, normalización lingüística, linguas minorizadas

Bibliografía

- Alonqueo, P., Hidalgo, C., Alarcón, A. M., & Herrera, V. (2022). Learning with respect: a Mapuche cultural value. *Journal for the Study of Education and Development*, 45(3), 599- 618.
<https://doi.org/10.1080/02103702.2022.2059946>

- Mayoral, R. (2002). ¿Cómo se hace la traducción jurídica? Puentes, (2), 9-14.
- Villena, B., Fernández-Silva, S. (2025). Wigka ñi wirikon zugu ("Ley" pi ta wigka): La traducción de términos del ámbito jurídico chileno al mapuzugun. Revista Literatura y Lingüística 52, 517-552. <https://doi.org/10.29344/0717621X.51.3711>
- Zúñiga, F. y Olate, A. (2017). El estado de la lengua mapuche, diez años después. En I. Aninat, V. Figueroa y R. González (Eds.), El pueblo mapuche en el siglo XXI (pp. 343-374). Centro de Estudios Públicos.

12:00-12:30

Tamara Flores Pérez (CLLC, Universidade de Aveiro)

Ignacio Vázquez Diéguez (Universidade da Beira Interior)

- Os tempos son chegados: cara á codificación gramatical da fala desde unha perspectiva comparatista co galego e o portugués

Resumo

Nos últimos anos, tense observado un alto interese nos estudos relativos á fala do Val de Xálima. Tras os debates sobre a súa orixe e filiación románica (Leite de Vasconcelos, 1929; Costas González, 1996; Carrasco González, 1996; Fernández Rei, 2000; Gargallo Gil, 1996; Sánchez Maragoto, 2011), existe un consenso entre os investigadores de que se trata da terceira póla da lingua medieval que orixinou galego, portugués e fala (Flores Pérez, 2024). Recentemente, e tamén após varias discusións, publicouse unha proposta ortográfica a petición dos tres municipios onde se empregan estas variedades (Carrasco González, 2024). Chegado é o momento de pasar á seguinte fase, a creación dunha gramática descritiva, mais tamén que aspire a ser normativa.

No caso da fala, sen tradición escrita anterior ao século XX, a confección desa gramática terá que basearse, forzosamente, nos usos actuais que engloban, ás veces, tres solucións diferentes na oralidade. Chegar a un acordo sobre cales solucións son as apropiadas implica unha serie de reflexións filolóxicas e de estudos comparativos con outras linguas romances.

Se a fala é unha lingua procedente do tronco medieval do cal descendén tamén o galego e o portugués, é lóxico pensar que as principais fontes de referencia e apoio na busca de solucións sexan as linguas irmás (e, en menor medida, leonés e castelán).

Así, esta proposta de comunicación pretende presentar un proxecto que ten como obxectivo a creación dunha gramática comparativa das tres linguas mencionadas nos seus principais aspectos. Existen obras dese teor sobre linguas ou variedades románicas (Brito et al., 2010; Andrés Díaz, 2013), mais sen reparar na fala ou sen dedicarlle un apartado específico. Este traballo contrastivo pretende, por tanto, axudar na futura consolidación dunha gramática de referencia para a fala.

Palabras chave

fala de Xálima, gramática comparada, codificación, galego, portugués

Bibliografía

- ANDRÉS DÍAZ, R. de. (2013). Gramática comparada de las lenguas ibéricas. Trea.
- BRITO, A. M., LOHSE, B., OLIVEIRA NETO, G. DE, & AZEVEDO, J. C. DE. (2010). Gramática comparativa Houaiss: Quatro línguas românicas (português, espanhol, italiano, francês). PubliFolha.

- CARRASCO GONZÁLEZ, J. M. (1996). Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama. *Anuario de Estudios Filológicos*, 19, 135–148.
- CARRASCO GONZÁLEZ, J. M. (2024). Una propuesta de normativa ortográfica para la fala de Jálama. [A Fala: Normativa y lengua estándar]. *Limite. Revista de Estudos Portugueses e da Lusofonia*, 18. Universidad de Extremadura.
- COSTAS GONZÁLEZ, X. H. (1996). O galego de Estremadura: As falas do val do río Ellas. En J. M. Carrasco González & A. Viudas Camarasa (Eds.), *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera* (pp. 357–376). Universidad de Extremadura.
- FERNÁNDEZ REI, F. (2000). As falas de Xálama e a súa relación coa lingua galega. Notas sobre o “descubrimento” do “galego” de Cáceres. En A. Salvador Plans, M. D. García Oliva & J. M. Carrasco (Coords.), *Actas del I Congreso sobre A Fala* (pp. 109–140). Editora Regional de Extremadura.
- FLORES PÉREZ, T. (2024). A fala do val de Xálama: Estudio sociolingüístico (Tese de doutoramento). Universidad de Salamanca.
- GARGALLO GIL, J. E. (1996). Valverdeiro(s), lagarteiro(s), mañego(s): A propósito das falas (e das xentes) fronteirizas de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trevellu. En M. do C. Henríquez Salido (Ed.), *Actas do IV Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (pp. 57–77). Associação Galega da Língua.
- LEITE DE VASCONCELOS, J. (1929). Samartinhego. *Opúsculos*, 4, 671–675.
- SÁNCHEZ MARAGOTO, E. (2011). As falas das Ellas, Valverde e San Martiño (Cáceres): Orixe galega ou portuguesa? En R. de Andrés Díaz (Coord.), *Lengua, ciencia y fronteras* (pp. 385–425). Trabe.

12:30-13:00

Elena Wendling Ruscheinsky

(Universidade Federal da Fronteira Sul)

- O uso da língua alemã e as percepções dos seus falantes ao longo do Rio Uruguai no Oeste de Santa Catarina-Brasil

Resumo

O tema deste estudo é a presença e os usos da língua alemã falada em Itapiranga e São João do Oeste, Mondaí, Palmitos e São Carlos, municípios limítrofes com o Rio Uruguai no Oeste de Santa Catarina. Em muitos desses espaços, o alemão deixou de ser língua exclusiva de comunicação, mas segue presente em práticas híbridas e dinâmicas que refletem tanto a persistência da tradição quanto a adaptação às novas realidades sociolinguísticas. Partimos da seguinte pergunta: como os falantes mantêm, utilizam e percebem a língua alemã, considerando o contato com o português? Assim, o objetivo central é descrever a presença e usos da língua alemã falada com base nas percepções de seus falantes. Para isso, elencamos três objetivos específicos: a) analisar o uso da língua alemã falada em contato com o português nos quatro pontos de pesquisa, entre a geração mais velha e mais jovem, mais escolarizados e menos escolarizados, entre homens e mulheres, católicos e luteranos; b) descrever as percepções e crenças que os falantes da Ca e Cb (dimensão diastrática), GII e GI (dimensão diageracional) e das dimensões diatópicas têm em relação à língua alemã falada em sua comunidade. Este estudo sociolingüístico orienta-se pelos pressupostos da dialetologia pluridimensional e relacional (Thun, 2005), com análise qualitativa de dados coletados na observação participante nos pontos de pesquisa e por meio de 32 entrevistas em alemão com falantes selecionados para atender às dimensões diatópicas, diastrática, diageracional, diassexual e diarreligiosa. Os resultados apontam um maior uso do alemão pela Cb, principalmente

na familia e no comercio. A GI usa menos a lingua alemá, debido ao maior contacto con a lingua portuguesa no ambiente escolar. O alemán é considerado, polos falantes, como lingua de prestíxio, porén moitos falantes apuntan para a súa substitución polo portugués.

Palabras chave

Usos da lingua alemá ou lingua alemá falada; colonización alemá ou territorialidades alemás; Contato lingüístico alemán-portugués; Oeste Catarinense; Dialectología Pluridimensional e Contatual.

Bibliografía

THUN, H. A dialectología pluridimensional no Rio da Prata. In: ZILLES, A. M. S. (Org.). Estudos de variação lingüística no Brasil e no Cone Sul. Porto Alegre: Ed. da UFRGS, 2005. p.63-92

XOVES 16, AULA C10

9:00-11:00

PANEL Estela Fidalgo Garra (Instituto da Lingua Galega, USC) & Miguel Guisantes Alonso
Instituto da Lingua Galega, USC / Universität Heidelberg) (coords.)

- Ideoloxías e identidades en construción: primeiros resultados do proxecto IDEOLINGAL sobre o galego dixital

Este panel insírese no marco do proxecto IDEOLINGAL, financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (PID2024-162675NB-I00), que se propón estudar as ideoloxías lingüísticas na Galicia contemporánea atendendo principalmente á expansión das redes sociais audiovisuais, esencialmente performativas e a priori extremadamente influentes na xente nova. Neste contexto, partimos da hipótese de que se están a reconfigurar as representacións sociais do galego a través de iniciativas emerxentes, especialmente arredor de tres eixes de tensión: estándar vs. vernáculo, purismo vs. autenticidade e nativismo vs. neofalantismo. Estas dicotomías, amplamente discutidas na investigación internacional (Woolard, 2008; Lane et al., 2017; McLelland, 2021; Rodríguez-Ordoñez et al., 2022), adquiren no contexto galego unha relevancia singular pola interacción entre o proceso de normalización, as dinámicas socioculturais recentes e as prácticas comunicativas que xorden nas redes sociais.

O panel propón unha primeira análise dos discursos, prácticas e valores que diversos axentes (persoas creadoras de contido, usuarias anónimas e institucións) atribúen á lingua en contextos dixitais. O panel dá inicio cun traballo que se centra nas posibilidades de aplicación das novas metodoloxías de análise ao corpus actual de IDEOLINGAL, composto por entrevistas semiestruturadas a persoas creadoras de contido en galego en Instagram. As tres comunicacións restantes examinan como se (re)constrúen identidades lingüísticas, como se negocian os límites do que se percibe como auténtico ou lexítimo e como se utilizan simbolicamente recursos lingüísticos e non lingüísticos para transmitir formas de pertenza, diferenza ou prestixio.

A primeira comunicación do panel leva por título Que se di desde a creación de contido sobre a variación dialectal? Exploración cuantitativa dun corpus de entrevistas. O

obxectivo desta contribución é explorar a aplicabilidade de diferentes técnicas de análise cuantitativa e avaliar as súas potencialidades para o estudo das ideoloxías lingüísticas.

En primeiro lugar, o topic modelling ou modelaxe de temas permite explorar un corpus co fin de identificar temas emerxentes de xeito non supervisado (Jacobs & Tschötschel, 2019; Murakami et al., 2017). Neste corpus, esta técnica pode axudarnos a detectar en que medida cuestións relacionadas coa variación dialectal, o estándar ou a hibridación aparecen como temas relevantes. En segundo lugar, a análise de correspondencias é útil para revelar relacións entre variables categóricas (Sourial et al., 2010). Este método empregárase para explorar os perfís sociolingüísticos dos creadores a través de variables como a variedade lingüística empregada na creación de contido, a transmisión lingüística familiar, a orixe xeográfica, a idade ou o tipo de contido. En terceiro lugar, unha análise comparativa da densidade de termos clave relacionados coa variación dialectal e o estándar que cuantifique as diferenzas entre grupos de creadores pode enriquecer os resultados das técnicas anteriores e axudar a superar as limitacións inherentes á modelaxe de temas (Bednarek, 2024).

Ademais, examínanse diferentes formas de segmentación do corpus para avaliar cal resulta máis produtiva: entrevistas completas, segmentación por bloques temáticos ou extracción de fragmentos centrados en temas específicos. A comunicación presentará os primeiros resultados e unha reflexión crítica sobre a aplicabilidade destes métodos ao estudo das ideoloxías lingüísticas en corpus de entrevistas.

A segunda proposta do panel, O galego como valor de marca: mercantilización e ideoloxías lingüísticas nas redes sociais do Celta, propón examinar o uso do galego como recurso identitario e simbólico nas redes sociais do club de fútbol Celta, tomando como punto de partida a nova estratexia comunicativa desenvolvida polo equipo nos últimos anos. Esta foi presentada como unha aposta pola autenticidade e a conexión emocional coa afección, e basea o seu discurso na centralidade do galego e nos referentes culturais (música, tradicións ou símbolos) como signos de pertenza colectiva e de orgullo.

O modelo responde ao que González Oñate et al. (2019) denominan estratexias emocionais-culturais: campañas publicitarias moi eficaces na actualidade que se fundamentan na construción de vínculos afectivos e identitarios entre marca e audiencia. Así, o Celta articula un relato que converte a lingua e a cultura galegas en elementos de diferenciación e de capital simbólico, xerando un incremento notable de interaccións, visibilidade e adhesión social. De feito, esta narrativa é amplamente recoñecida tanto polo público seguidor como por creadoras de contido en galego que teñen destacado o papel do club na normalización e visibilidade do idioma dentro e fóra do espazo dixital.

Neste contexto, a presente comunicación busca avaliar o impacto da estratexia comunicativa do Celta en Instagram e ofrecer unha lectura crítica dos seus efectos simbólicos e sociolingüísticos á luz dos procesos de mercantilización da lingua e da autenticidade (Heller, 2010; Duchêne & Pujolar, 2013; Klein, 2000; Pujolar, 2020). Analízanse as tensións ideolóxicas que se producen cando unha lingua minorizada é resignificada como activo de prestixio e consumo e explórase como o discurso da

identidade opera nunha dobre dirección: como mecanismo de relexitimación social da lingua e, á vez, como vía para a súa instrumentalización no mercado.

O traballo aspira, en definitiva, a repensar as novas ideoloxías lingüísticas no contexto dixital galego (Silverstein, 1996; Kroskrity, 2010) e a examinar o papel das marcas como axentes de reconfiguración simbólica das linguas minorizadas.

A terceira das propostas ten como título Enredando coa autenticidade. Achegamento a construción do ‘auténtico galego’ nas redes sociais. Seguindo a Coupland (2014), a autenticidade lingüística consiste na esencialización de certos trazos idiomáticos como consubstanciais ao vernáculo e aos seus falantes, mentres que a autenticación refírese aos procesos e estratexias discursivas que sustentan esa ‘autenticidade’. Ademais da verificación ontolóxica e histórica das variantes lingüísticas ‘auténticas’, a autenticación comporta o recoñecemento ou atribución dalgún tipo de valor a esas variantes e sitúaa nunha xerarquía de desexabilidade. A autenticidade, que se sostén sobre unha relación dialéctica coa inautenticidade, pode ser problematizada, pois implica a proclamación das calidades que debe posuír o falante auténtico (Eckert, 2014), que poden ser reclamadas, contestadas e negociadas. Asemade, tamén poden debaterse as fórmulas coas que se autentican as variedades lingüísticas. A creación discursiva da autenticidade lingüística pode dialogar con outros códigos semióticos para potenciar performativamente a imaxe do auténtico.

A problematización da autenticidade presidiu o debate sobre a estandarización do galego desde os seus inicios. Seguindo unha lóxica top-down, os falantes foron situados por axentes externos no continuo auténtico-inauténtico, coa asignación de diferentes graos de lexitimidade ás súas prácticas lingüísticas. Co uso masivo das redes, comezou a proliferación de mensaxes de reclamo da autenticidade lingüística desde abaixo. Mediante a adopción dunha perspectiva multimodal da análise do discurso, examínase como opera a invocación da autenticidade en varios textos dixitais: “Seis pasos para falar malpicán” do Instituto Urbano Lugo de Malpica (2017), “Stop fake gheada” (@prado_rua, 2025), varios posts de @mamatopa_alba (2023), e o fío dun debate provocado por un post de @ElenaRamallo3 (2025). Observáase que trazos lingüísticos seleccionan os falantes como indexicalizadores de autenticidade, como interaccionan con outros elementos semióticos non verbais, e que sentido lle dan ao concepto. Asemade, trátase de identificar os argumentos implícitos ou expresos de autenticación e o marco ideolóxico subxacente (Woolard, 2021).

A derradeira proposta, “A lingua pode ser culta e pode ser natural”: ideoloxías, autoridade e prácticas lingüísticas na era de Instagram, pretende analizar as ideoloxías lingüísticas arredor da estandarización do galego en Instagram. Para iso compáranse os discursos de catro perfís divulgativos de docentes de Lingua Galega e Literatura con outros xestionados por persoas non docentes que empregan a lingua galega nos seus contidos.

As contas docentes poden entenderse como unha extensión das aulas de lingua, pois manteñen un compoñente pedagóxico e prescritivo que indexa o rol profesional das persoas creadoras, asociado á autoridade lingüística (Basanta & Regueira, 2025). Por contra, as contas non docentes carecen dese carácter didáctico e sitúanse nun rexistro

máis libre, onde priman valores como a proximidade e a identidade comunitaria. Nese sentido, a comparación das ideoloxías destes dous grupos resulta, así, relevante para comprender certas dinámicas que parecen estar a impulsar cambios nas ideoloxías lingüísticas da sociedade actual (Regueira, 2023; Amorós-Negre, 2024).

A partir da análise do contido publicado, dos discursos recollidos en entrevistas coas persoas creadoras, así como das interaccións mantidas coa audiencia, analizaranse as ideoloxías relativas ao estándar, á corrección e ao purismo lingüístico, entre outras. Desde unha perspectiva sociolingüística e discursiva, o traballo estuda como se constrúen distintas ideoloxías sobre a lingua en contextos dixitais, contribuíndo a esclarecer as dinámicas de normatividade e de representación do galego nas redes sociais.

En suma, as catro comunicacións dialogan entre si desde diferentes perspectivas metodolóxicas e analíticas sobre a reconfiguración das ideoloxías lingüísticas do galego no ecosistema dixital. O panel evidencia como diversos axentes (re)constrúen, negocian e resignifican o valor social da lingua nas redes sociais e constitúe unha primeira achega do proxecto IDEOLINGAL. Pretendemos, así, contribuír a unha comprensión máis profunda do papel central que o contexto dixital desempeña na reinterpretación da lingua como obxecto de debate, práctica social e recurso identitario na Galicia contemporánea.

- Que se di desde a creación de contido sobre a variación dialectal?
Exploración cuantitativa dun corpus de entrevistas - Vítor Míguez (Instituto da Lingua Galega, USC) & Carme Silva (Instituto da Lingua Galega, USC)
- O galego como valor de marca: mercantilización e ideoloxías lingüísticas nas redes sociais do Celta - Miguel Guisantes (Instituto da Lingua Galega, USC / Universität Heidelberg) & Estela Fidalgo (Instituto da Lingua Galega, USC)
- Achegamento a construción do *auténtico galego* nas redes sociais - Montserrat Recalde (Instituto da Lingua Galega, USC)
- *A lingua pode ser culta e pode ser natural*: ideoloxías, autoridade e prácticas lingüísticas na era de Instagram - Noemi Basanta (Universidade de Santiago de Compostela) & Xosé Luís Regueira (Instituto da Lingua Galega, USC)

11:30-12:00

Federico Lo Iacono, Valentina De Iacovo & Antonio Romano

(Università di Torino)

- Describir a variación da entoación de xeito global: unha nova forma de visualizar os datos do proxecto AMPER

Resumo

O Proxecto AMPER ten as súas raíces nunha avaliación holística dos factores prosódicos e das características estruturais da entoación desde unha perspectiva xeo-variacional. Ademais da documentación lingüística da prosodia entonacional na área románica, a rede AMPER tamén promoveu un modelo de análise de datos que examina simultaneamente e

globalmente, sen simplificacións discretas, as modulacións melódicas de f_0 , o desenvolvemento dos valores de intensidade e a interacción entre estas dúas dimensións e as duracións dos segmentos vocálicos. Este esforzo – combinado co uso de estruturas lingüísticas moi comparables – fixo posible describir en profundidade a extensa variación entonacional na área romance, sen sacrificar as xeneralizacións nin o recoñecemento de características estables.

Os procedementos compartidos ata agora na rede de investigación do proxecto – parte dunha reflexión máis ampla sobre a interdependencia entre os niveis rítmico-segmental e suprasegmental – forman a base para a proposta dunha nova forma de visualizar os datos e, en consecuencia, para novas reflexións que xorden da lectura de datos coas rutinas AMPER. Nesta contribución, presentamos, polo tanto, as primeiras aplicacións dun script de Python que permite a creación de gráficos nos que – dun só ollar e para múltiples padróns de entoación superpostos – se comparan tres dimensións prosódicas nun único espazo multidimensional.

Partindo da simple lectura de ficheiros .txt dispoñibles na BD-AMPER, esta ferramenta traduce a intensidade e a duración dos intervalos vocálicos, respectivamente, en segmentos de grosor variable e cor, superpoñendo ambas as dimensións na curva melódica tradicional.

Ademais de permitir a comparación de perfís melódicos, este tipo de visualización demostra ser unha ferramenta útil para garantir que non se pasen por alto elementos que, lonxe de ser secundarios, son máis ben decisivos, recorrentes e potencialmente mesmo cargados de diferenzas significativas desde o punto de vista funcional e perceptivo. Estes elementos aínda precisan ser investigados de xeito exhaustivo e extensivo.

Palabras chave

Variación, entoación, proxecto AMPER, documentación lingüística, visualización multidimensional

Bibliografía

- CONTINI M., LAI J.-P., ROMANO A., ROULLET S., DE CASTRO MOUTINHO L., COIMBRA R.L., PEREIRA BENDIHA U., SECCA RUIVO S. (2002). Un projet d'atlas multimédia prosodique de l'espace roman. *Proc. Speech Prosody Aix-en-Provence*, 227-230.
- CONTINI M., ROMANO A. (2016). Coerenza, congruenza e affidabilità dei dati in un campione di enunciati nel dialetto di Roma, in A.Ma. Fernández Planas (ed.), 53 reflexiones sobre aspectos de la fonética y otros temas de lingüística, Barcelona: Laboratori de Fonètica, 171-180.
- DE IACOVO V. (2019). Intonation analysis on some samples of Italian dialects: an instrumental approach. *Alessandria: Dell'Orso*. De Iacovo V., Romano A. (2016). La variation dialectale de l'intonation en Italie: le cas de Rome, *Dialectología, special issue 6*, 109-126.
- DE CASTRO MOUTINHO L., COIMBRA R.L., RILLIARD A. & ROMANO A. (2011). Mesure de la variation prosodique diatopique en portugais européen. *Estudios de Fonética Experimental*, XX, 33-55.
- DE CASTRO MOUTINHO L., VIEIRA A., GÓMEZ BAUTISTA A., FERNÁNDEZ REI E., REBELO H., PINTO SALEMA L.F., COIMBRA R.L., SOUSA X. (2019). Análise dialectométrica e cartográfica da variação lingüística. In L. De Castro Moutinho et al. (eds.), *Estudos em variação linguística nas línguas românicas*, Aveiro: UA Editora, 249-259.
- LO IACONO F., ROMANO A. (Submitted), A Multi-Dimensional Pipeline for Holistic Prosodic Visualization: Integrating f_0 , Intensity, and Syllabic Rate. *Speech Prosody 2026 – University of Pennsylvania, Philadelphia*.
- ROMANO A. (2016). Pluralité de langues, de données et d'approches pour un modèle général de la mélodie des parlers romans. *Dialectología, special issue 6 (Romance Geoprosody: Advances, Studies and Tools ed. by L. de Castro Moutinho, R.L. Coimbra & E. Fernández Rei)*, 29-55.

- ROMANO A., CONTINI M. (2001). Un progetto di Atlante geoprosodico multimediale delle varietà linguistiche romanze. In E. Magno Caldognetto & P. Cosi (eds.), *Multimodalità e multimedialità nella Comunicazione*, Padova: Unipress, 121-126.
- ROMANO A., DE CASTRO MOUTINHO L., COIMBRA R.L. & RILLIARD A. (2012). Medidas da variação prosódica diatópica no espaço românico. In H. Mello, M. Pettorino & T. Raso (eds.), *Proceedings of the VIIth GSCP International Conference: Speech and Corpora* (Belo Horizonte, Brasil, 29/02-02/03/2012), Firenze: Firenze University Press, 273-277.
- ROMANO A., CONTINI M., LAI J.-P. (2014). L'Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman: uno strumento per lo studio della variazione geoprosodica. In F. Tosques (ed.), *20 Jahre digitale Sprachgeographie* (Atti del Convegno Internazionale di Berlino, 2-3 nov. 2012), Berlin: Humboldt-Universität - Institut für Romanistik, 27-51.
- ROMANO A., DE IACOVO V. (2019). Cartografía de datos prosódicos: De los mapas interactivos locales a una visión interpretativa global. In J. Dorta (ed.), *Investigación geoprosódica. AMPER: análisis y retos*, Madrid/Frankfurt: Iberoamericana/Vervuert, 131-143.

12:00-12:30

Josep Messeguer-Carbó (Universitat Rovira i Virgili)

- O índice de vitalidade de uso do léxico: unha proposta metodolóxica cuantitativa para a análise do cambio léxico interxeracional

Resumo

O obxectivo desta comunicación é presentar o índice de vitalidade de uso do léxico, unha ferramenta metodolóxica transferible a calquera lingua para medir de maneira sistemática o cambio léxico en contextos de globalización e contacto de linguas.

A metodoloxía foi elaborada para o estudo do cambio léxico en catalán. O deseño da investigación parte dun corpus de trinta e cinco conceptos pertencentes a once campos semánticos que tradicionalmente se expresaron mediante formas xeosinónimas documentadas en repertorios históricos. Os datos foron actualizados mediante enquisas lingüísticas realizadas a 510 informantes de tres xeracións do século XX —xeración vella, adulta e xove— procedentes de 42 localidades das áreas dialectais consecutivas do catalán (balear, tortosino e valenciano). Un dos principais retos analíticos é a sistematización das respostas múltiples que un informante pode fornecer para designar un único concepto, de modo que o corpus resultante inclúe un total de 22.633 respostas.

A proposta metodolóxica inscíbese en modelos teóricos interdisciplinares da dialectoloxía e dos estudos sobre o cambio lingüístico, en diálogo coa sociolingüística, a xeolingüística —ou socioxeolingüística— e a psicolingüística. Para a aplicación sistemática do índice de vitalidade de uso, todas as respostas deben ser previamente codificadas, distinguindo cando menos entre formas tradicionais, do estándar ou da lingua dominante. A cada resposta asígnanselle valores constantes segundo tres parámetros: o número de formas achegadas por informante, a orde de mención e a frecuencia subxectiva de uso ou recoñecemento declarada polos falantes.

A aplicación ao catalán permite identificar diversos modelos de cambio léxico interxeracional e revela unha diminución progresiva da vitalidade de uso do léxico tradicional nas xeracións máis novas, paralela ao incremento de castelanismos, formas imprecisas e casos de descoñecemento explícito. Ademais, obsérvase que as formas do estándar só aumentan cando coinciden formalmente co castelán.

Palabras chave

variación léxica, dialectoloxía moderna, cambio lingüístico interxeracional, socioxeolingüística, vitalidade de uso

Bibliografia

- Alcover, Antoni Maria & Francesc de Borja Moll. Diccionari català valencià balear. Palma: Editorial Moll, 1930-1968. 10 volumes. [1ª ed. 1º vol. 1930, en papel; 1ª ed. 2n vol. 1935, en papel].
- Bybee, Joan. Language Change. Cambridge: Cambridge University Press, 2015.
- Colomina Castanyer, Jordi. L'alacantí. Un estudi sobre la variació lingüística. Alcoi: Institut d'Estudis Juan Gil-Albert & Diputació Provincial d'Alacant, 1985.
- Cristianini, Adriana Cristina. «Sociogeolingüística: uma abordagem para o estudo do léxico». A: Santos, Irenilde Pereira dos & Adriana Cristina Cristianini. Sociogeolingüística e questão: reflexões e análises. São Paulo: Paulistana, 2012. 21-32.
- Cuetos Vega, Fernando. Anomia. La dificultad para recordar las palabras. Madrid: Tea Ediciones, 2003.
- Radatz, Hans-Ingo. «De la Mallorca preturística a la moderna. La desdialectalització del català de Mallorca». Els Marges 81 (2007): 29-41.
- Recasens, Daniel. Estudi lingüístic sobre la parla del Camp de Tarragona. Barcelona: Curial Edicions Catalanes e Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1985.
- Segura-Llopes, Carles. Variació dialectal i estandardització al Baix Vinalopó. Tese de doutoramento. Alacant: Universitat d'Alacant, 2001. 3 vols. ---. Variació dialectal i estandardització al Baix Vinalopó. Alacant & Barcelona: Institut Interuniversitari de Filologia Valenciana & Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 2003a. ---. Una cruïlla lingüística. Caracterització del parlar del Baix Vinalopó. Alacant: Departament de Filologia Catalana de la Universitat d'Alacant e Institut Municipal de Cultura de l'Ajuntament d'Elx, 2003b.
- Segura-Llopes, Carles & Joan Ponsoda. «Una alternativa tripartida: la varietat tradicional, la varietat estàndard o la varietat estàndard espanyola». Caplletra 21 (1997): 47-93.

12:30-13:00

Natallye Miranda, Cristiane Horst

(Universidade Federal da Fronteira Sul)

- A descrição do bilinguismo libras-português pela dialetologia pluridimensional: escolhas metodológicas

Resumo

O objetivo deste trabalho é apresentar as escolhas metodológicas feitas na pesquisa realizada no Oeste de Santa Catarina (Brasil), que teve como objetivo descrever o bilinguismo Libras-português de indivíduos surdos (Miranda, 2023) a partir da fundamentação teórica e metodológica da Dialetologia Pluridimensional e Relacional de Thun (1998, 2005, 2009, 2017) e orientada pelas definições de bilinguismo pressupostas por Mackey (1972), Romaine, (1995) e Grosjean (1997, 2008).

A partir das dimensões propostas por Thun, verificamos funções de uso da Libras e português e o autorreconhecimento bilíngue. De caráter qualitativo, a investigação, por meio de dados empíricos, foi realizada com treze (13) informantes estratificados a partir de quatro dimensões: diasssexual (sexo feminino e masculino), diageracional (Geração I, de 18 a 36 anos e Geração II, a partir de 50 anos), diatrática (Classe baixa, analfabeto até formação básica e Classe alta, de ensino superior) e diatópica (dois pontos – Chapecó, 1 município, com 275 mil habitantes, e Região Oeste, formada por 4 municípios).

Integrada ao projeto de pesquisa Atlas das Línguas de Contato na Fronteira: Oeste catarinense (ALCF-OC), da Universidade Federal da Fronteira Sul (UFFS), os instrumentos utilizados na entrevista foram: conversa livre e questionário. A coleta de dados da pesquisa foi adaptada, tendo em vista a modalidade visuo-espacial da língua de investigação, a Libras. Os instrumentos foram aplicados e respondidos em Libras, os registros foram

realizados através de gravações de vídeos e a apresentação dos dados, em alguns momentos, foi feita através de links de acesso e capturas de imagens. Através deste estudo, confirmamos a realidade do bilinguismo individual de surdos considerando duas línguas de modalidades diferentes (Libras e Português) no Oeste de Santa Catarina (Brasil) e a potencialidade metodológica da Dialetologia Pluridimensional no uso de recursos e meios que possibilitem também a aplicação de pesquisas em e com línguas visuo-espaciais.

Palabras chave

Dialetologia Pluridimensional; Metodologia de pesquisa com informantes surdos; Bi/plurilinguismo Libras-Português de Surdos; Oeste Catarinense.

Bibliografía

- GROSJEAN, Francois. The bilingual individual. Interpreting: International Journal Of Research And Practice In Interpreting, [S.L.], v. 2, n. 1-2, p. 163-187, 1 Jan. 1997. John Benjamins Publishing Company. <http://dx.doi.org/10.1075/intp.2.1-2.07gro>.
- GROSJEAN, F. Studying Bilinguals. New York: Oxford University Press, 2008.
- MIRANDA, Natalyê F. S. Situação linguística do Oeste Catarinense: bilinguismo Libras-português de indivíduos surdos. 2023. 151 f. Dissertação (Mestrado em Estudos Linguísticos) - Curso de Programa de Pós-Graduação em Estudos Linguísticos, Universidade Federal da Fronteira Sul, Chapecó, 2021. Disponível em: <https://rd.uffs.edu.br/handle/prefix/6596>. Acesso em: 10 jul 2024.
- MACKEY, William F. The description of bilingualism. In: FISHMAN, Joshua A. [ed.]. Reading in the sociology of language. 3. ed. The Hague : Mouton, 1972. p. 554-584.
- ROMAINE, Suzanne. Bilingualism. 2. ed. Oxford: Basil Blackwell, 1995.
- THUN, Harald. A dialetologia pluridimensional no Rio da Prata. In: ZILLES, Ana Maria (Org.). Estudos de variação linguística no Brasil e no Cone Sul. Porto Alegre: Editora da UFRGS, 2005.
- THUN, Harald. A geolinguística pluridimensional, a história social e a história das línguas. In: AGUILERA, Vanderci de Andrade (org.). Para uma história do português brasileiro, volume III: vozes, veredas, voragens. Londrina: EDUEL, 2009. Tomo II, p. 531-558.
- THUN, Harald. La geolinguística variacional general (con ejemplos del Atlas lingüístico Diatópico y Diastrático del Uruguay). In: RUFFINO, Giovanni. Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza. Dialettologia, geolinguistica, sociolinguistica, Berlin, Boston: 1998. p. 701 - 729, v. 5.
- THUN, Harald. O velho e o novo na geolinguística. Cadernos de Tradução, Porto Alegre, n. 40, jan/jun. 2017. Disponível em: <https://www.seer.ufrgs.br/cadernosdetraducao/article/viewFile/87208/50004>.

16:00-16:30

Eva M.^a Domínguez Noya

(Instituto da Lingua Galega, USC / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

- Corpus lingüísticos e variación: potencialidades e limitacións dos corpus monolingües do galego contemporáneo

Resumo

A investigación sobre a variación lingüística en galego dispón hoxe dun conxunto diverso de corpus que permiten analizar a lingua en rexistros, épocas e contextos de uso distintos. Nesta comunicación presentamos unha análise crítica dos principais corpus monolingües do galego contemporáneo dende a perspectiva da súa utilidade para o estudo da variación,

atendendo ás súas potencialidades e limitacións metodolóxicas (accesibilidade, extensión, cobertura temporal, rexistro, anotación lingüística...).

Analizamos, en primeiro lugar, os corpus de propósito xeral como son o CORGA e o TILG, fundamentais para a investigación en textos escritos, pero cunha cobertura reducida da oralidade. A seguir, examinaremos proxectos máis recentes como o macrocorpus Nós, orientado ao procesamento da linguaxe natural, mais sen plataforma de consulta nin codificación que permita a recuperación selectiva de información. Presentaremos tamén COTWEETGAL, un corpus de tuits en construción representativo de usos informais e espontáneos, especialmente relevante para a análise da variación diafásica. Por fin, presentaremos o CTAG e mais CORTEGAL como mostras de corpus especializados, o primeiro do ámbito científico-técnico e o segundo de produción académica.

Finalmente, centrándonos xa no rexistro oral, presentaremos CORILGA como corpus de propósito xeral e confrontarémolo con ParlaMint-Gal, que recolle diarios de sesións do Parlamento de Galicia e constitúe un recurso clave para a análise da lingua política institucional.

Remataremos co Arquivo do Galego Oral (AGO), unha fonte valiosísima para a análise da variación diatópica e sociolingüística do galego, que, malia non ser un corpus, é convertible nun, facendo accesible así o material que contén a través dunha plataforma de consulta global que facilite o seu aproveitamento investigador.

Concluiremos sinalando que ningún corpus, por si só, resulta suficiente para abordar a complexidade da variación lingüística. Pola contra, é preciso combinar recursos e asumir con transparencia as limitacións de cada un, co obxectivo de producir análises máis sólidas.

Palabras chave

Variación lingüística, lingüística de corpus, galego, recursos lingüísticos, metodoloxía

Bibliografía

- AGO = FERNÁNDEZ REI, Francisco (dir.) (2010-): Arquivo do Galego Oral. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/ago/> [Consultado: 20/12/2025]
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades: Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA) [4.1] [Consultado: 20/12/2025]
- CORILGA = Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega. [Consultado: 20/12/2025]
- CORTEGAL = María ÁLVAREZ DE LA GRANJA / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE (eds.). Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [Consultado: 20/12/2025]
- CorpusNós = DE-DIOS-FLORES, Iria, Silvia PANIAGUA SUÁREZ, Cristina CARBAJAL PÉREZ, Daniel BARDANCA OUTEIRIÑO, Marcos GARCIA and Pablo GAMALLO. 2024. CorpusNÓS: A massive Galician corpus for training large language models. Proceedings of the 16th International Conference on Computational Processing of Portuguese - ACL Anthology (Volume 1), 593-599.
- CTAG = Corpus Técnico do Galego (CTG) [Corpus Técnico do Galego anotado con morfoloxía e semántica léxica]. [Consultado: 20/12/2025]
- ParlaMint = ERJAVEC, Tomaž; et al., 2025, Multilingual comparable corpora of parliamentary debates ParlaMint 5.0, Slovenian language resource repository CLARIN.SI, ISSN 2820-4042, <http://hdl.handle.net/11356/2004>. [Consultado: 20/12/2025] [Consultado: 20/12/2025]
- TILG = SANTAMARINA, Antón (dir.) / Ernesto GONZÁLEZ SEOANE / María ÁLVAREZ DE LA GRANJA: Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [Consultado: 20/12/2025]

- Cartografías do cambio léxico: unha proposta metodolóxica para a xeolingüística coa inclusión do factor idade

Resumo

O obxectivo desta comunicación é presentar unha proposta metodolóxica cualitativa para a análise e a representación cartográfica do cambio léxico —e, de maneira asociada, semántico— interxeracional. O punto de partida é un corpus de xeosinónimos tradicionais do catalán documentados en repertorios históricos, especialmente no Dicionari català valencià balear, cuxa actualización se realiza mediante enquisas lingüísticas efectuadas a tres xeracións nadas ao longo do século XX. Este enfoque permite describir a continuidade e a ruptura léxica das formas tradicionais en función dos factores xeográfico e idade.

A investigación inscríbese no marco teórico da dialectoloxía moderna e dos estudos do cambio léxico, e parte da consideración dos xeosinónimos como indicadores especialmente sensibles á presión da lingua estándar e da lingua dominante en contextos de contacto lingüístico. A metodoloxía adoptada baséase nunha análise cualitativa orientada á representación cartográfica interxeracional, que combina os datos históricos coas respostas dos tres grupos xeracionais mediante un sistema de mapas semaforicos. Este sistema de visualización permite identificar de maneira intuitiva os graos de continuidade, recesión ou substitución léxica segundo a idade das persoas falantes, así como detectar áreas de cambio avanzado ou zonas de maior resistencia.

No caso do catalán, os resultados permiten identificar catro modelos de comportamento léxico interxeracional. Por unha banda, documéntase un modelo de continuidade léxica, no que as formas tradicionais presentan un uso estable nas tres xeracións na maior parte das áreas esperables de acordo cos datos históricos. Por outra banda, obsérvanse tres modelos de substitución léxica progresiva, que van desde unha substitución incipiente ata unha substitución plenamente consolidada, tanto en termos interxeracionais como interterritoriais. A partir destes resultados, a cartografía cualitativa interxeracional constitúe unha ferramenta metodolóxica transferible para o estudo do cambio léxico no marco da xeolingüística contemporánea.

Palabras chave

variación léxica, dialectoloxía, cambio lingüístico, sociogeolingüística, xeosinonimia

Bibliografía

- Alcover, Antoni Maria & Francesc de Borja Moll. Dicionari català valencià balear. Palma: Editorial Moll, 1930-1968. 10 volumes. [1ª ed. 1º vol. 1930, en papel; 1ª ed. 2n vol. 1935, en papel].
- Bybee, Joan. Language Change. Cambridge: Cambridge University Press, 2015.
- Colomina Castanyer, Jordi. L'alacantí. Un estudi sobre la variació lingüística. Alcoi: Institut d'Estudis Juan Gil-Albert & Diputació Provincial d'Alacant, 1985.
- Cristianini, Adriana Cristina. «Sociogeolingüística: uma abordagem para o estudo do léxico». A: Santos, Irenilde Pereira dos & Adriana Cristina Cristianini. Sociogeolingüística e questão: reflexões e análises. São Paulo: Paulistana, 2012. 21-32.
- Radatz, Hans-Ingo. «De la Mallorca preturística a la moderna. La desdialectalització del català de Mallorca». Els Marges 81 (2007): 29-41.
- Recasens, Daniel. Estudi lingüístic sobre la parla del Camp de Tarragona. Barcelona: Curial Edicions Catalanes e Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1985.

Ivo da Costa do Rosário
(Universidade Federal Fluminense)

- Variação e gradiência na expressão da finalidade – questões para o ensino

Resumo

Este estudo prioriza a descrição metodológica e analítica da variação entre conectores de finalidade no português brasileiro contemporâneo, com base nos pressupostos da Linguística Funcional Centrada no Uso (Furtado da Cunha; Bispo; Silva, 2013; Autor, 2016; 2022). A investigação adota uma abordagem empírico-quantitativa e qualitativa, fundamentada na análise de dados autênticos extraídos do Corpus do Português (Davies, 2006). Como recurso metodológico, procede-se ao levantamento sistemático de ocorrências, seguido de anotação manual, contemplando critérios morfosintáticos, semântico-pragmáticos e discursivo-funcionais. O estudo da variação constitui o eixo central da pesquisa e é operacionalizado por meio do cotejo entre os conectores “na busca de”, “na tentativa de” e o conector canônico de finalidade “para”. Esse procedimento permite examinar a frequência token, a distribuição contextual e as inferências pragmáticas que caracterizam cada forma, possibilitando identificar nuances de sentido, graus de produtividade e efeitos de gradiência construcional. A análise considera fatores que evidenciam a coexistência de formas funcionalmente próximas, mas não plenamente equivalentes. No âmbito teórico-descritivo, os conectores investigados são compreendidos como integrantes da rede construcional [X de]conect, responsável por abrigar unidades que introduzem orações não finitas no português contemporâneo (Autor, 2022, 2023). Tais elementos derivam de preposições complexas tradicionalmente associadas à ligação de sintagmas (Bechara, 1999; Almeida; Souza; Kewitz, 2018) e resultam de processos de expansão contextual (Himmelmann, 2004), neoanálise e analogização (Traugott; Trousdale, 2013), vinculados ao padrão subesquemático [Prep + Det + N + de]. Essas premissas teóricas serão voltadas para implicações pedagógicas do tratamento metodológico da variação, com ênfase no uso de dados reais de língua como recurso didático, em consonância com as orientações da Base Nacional Comum Curricular, documento normativo regulador dos processos de ensino-aprendizagem no Brasil.

Palabras chave

variação, gradiência, finalidade, ensino

Bibliografia

- ALMEIDA, Maria Lúcia Leitão; SOUZA, Janderson Lemos; KEWITZ, Verena. Preposições complexas: moldes e modos. In: TENUTA, Adriana Maria; COELHO, Sueli Maria (Orgs.). Uma abordagem cognitiva da linguagem: perspectivas teóricas e descritivas. Belo Horizonte: FALE/UFMG, 2018. p. 157-180.
- BECHARA, Evanildo. Moderna Gramática Portuguesa. Rio de Janeiro: Lucerna, 1999.
- CROFT, William. 2001. Radical Construction grammar: syntactic theory in typological perspective. Oxford: Oxford University Press.
- FURTADO DA CUNHA, Maria Angélica; BISPO, Edvaldo Balduino; SILVA, José Romerito. Linguística Funcional Centrada no Uso: conceitos básicos e categorias analíticas. In: CEZARIO, Maria Maura; CUNHA, Maria Angélica Furtado. (Orgs.). Linguística Centrada no Uso: uma homenagem a Mário Martelotta. Rio de Janeiro: Mauad x FAPERJ, 2013, p. 12-39.
- GOLDBERG, Adele. Constructions: a construction approach to argument structure. Chicago: The University of Chicago Press, 1995.
- GOLDBERG, Adele. Constructions at work: the nature of generalization in language. Oxford: Oxford University Press, 2016.

HILMELMANN, Nikolaus. Lexicalization and grammaticalization: opposite or orthogonal? In: BISANG, Walter. et al. (Orgs.). What makes grammaticalization? Berlin: Mouton de Gruyter, 2004, p. 21-42.

TRAUGOTT, Elizabeth; TROUSDALE, Graeme. Constructionalization and constructional changes. Oxford, Oxford University Press, 2013.

17:30-18:00

M.^a Teresa Tedesco Vilardo Abreu (Universidade do Estado do Rio de Janeiro)

158

- A abordagem da variação linguística em documentos oficiais brasileiros: subsídios para uma metodologia de ensino

Resumo

A discussão acerca de problemas referentes à melhoria do ensino no Brasil, principalmente, da escola básica, há muito vem sendo alvo de pesquisas. Essa melhoria está ligada à preocupação de autoridades governamentais e acadêmicas quanto ao interesse na implementação de políticas públicas que favorecem ações com esse fim. Essa ação se revela na promulgação de documentos oficiais brasileiros, a exemplo do PCN- Parâmetros Curriculares Nacionais e da BNCC- Base Nacional Comum Curricular -, cujo objetivo maior é a condução do ensino nas escolas brasileiras. Dessa forma, nesta comunicação, objetivamos traçar um percurso analítico da abordagem do conceito de variação linguística nos referidos documentos, cotejando a postulação teórica concernente à descrição de língua vigente, tomando como premissa teórica que a perspectiva de heterogeneidade da língua se constitui em ação essencial para o completo desenvolvimento dos estudantes nas etapas da escolaridade básica. Partimos do pressuposto de que muito se tem avançado, teoricamente, acerca da variação em diferentes estratos de língua. Pergunta-se: de que forma os documentos relacionam variação nos quatro diferentes eixos de ensino, a saber: oralidade, leitura, escrita e análise linguística? Quais as perspectivas conceituais vigentes nos documentos quanto à língua e à variação linguística? Parte-se de metodologia qualitativa cujo foco é o entendimento de razões, de crenças, de valores e de contextos vigentes no corpus analisado. Essa atitude inicial se desdobra em ações didático- metodológicas que visam à construção de parâmetros para abordagem desses conceitos centrais em manuais direcionados aos docentes da escola básica. Os resultados aguardados centram-se na hipótese de que não há estreita relação entre os pressupostos linguísticos concernentes à variação da língua, assim como, em contrapartida, há distanciamento desta perspectiva de variação quando se pensa sobre os quatro referidos eixos de ensino.

Palabras chave

Conceito de Língua, Documentos oficiais brasileiros, Variação linguística, Parâmetros teórico de abordagem

Bibliografia

ALMEIDA, Joyce Elaine de; BORTONI-RICARDO, Stella Maris. Variação linguística na escola. São Paulo: Contexto, 2023.

BAYLON, Christian. Sociolinguistique: société, langue et discours. Ed. Nathan, 1991.

BORTONI-RICARDO, Stella Maris. Nós chegamos na escola e agora? Sociolinguística e educação. São Paulo: Parábola, 2005.

BRASIL. Ministério da Educação. Base Nacional Comum Curricular. Brasília: MEC, 2018.

LABOV, W. Sociolinguistics Patterns Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 1972.

MATRAGA. Revista do Programa de Pós-Graduação em Letras da UERJ. Estudos Linguísticos Variações e mudanças nas línguas. Rio de Janeiro, v. 31, n. 62, mai./ago. 2024.

TARALLO, F. A pesquisa sociolinguística. São Paulo: Ática, 1985.

18:00-18:30

Margerita Onorato & Valentina De Iacovo

(Università di Torino)

159

- Il dialetto mi invecchia? Uno studio percettivo tra dialetto e italiano regionale

Resumo

In questo studio ci si propone di indagare se esista una tendenza a sovrastimare l'età delle persone che parlano in dialetto rispetto a quando utilizzano l'italiano regionale sulla base della voce. A tal fine, è stato costruito un task percettivo somministrato a un campione di 61 partecipanti, suddivisi equamente tra giovani e adulti, i quali hanno ascoltato 64 registrazioni vocali, prodotte da 32 parlanti che si esprimevano sia in dialetto sia in italiano. La varietà dialettale considerata comprendeva quattro dialetti italiani rappresentativi di diverse aree geografiche (piemontese, veneto, campano e siciliano), scelti per garantire un bilanciamento tra nord e sud del Paese. La metodologia adottata ha previsto l'utilizzo della piattaforma Gorilla Experiment Builder per la realizzazione del task e di RStudio per l'analisi statistica dei dati, inclusa l'applicazione di un modello bayesiano. Ai partecipanti è stato inoltre somministrato un questionario volto a raccogliere informazioni sulle competenze linguistiche, le abitudini comunicative e la familiarità con il dialetto. I risultati emersi dal task percettivo hanno evidenziato, da un lato, una generale difficoltà nella stima accurata dell'età sulla base della sola voce, soprattutto quando quest'ultima era prodotta in dialetto. Solo il 20% delle risposte relative agli stimoli in italiano si sono rivelate corrette, percentuale che scende al 16% per gli stimoli dialettali. Emerge invece una maggiore tendenza a sovrastimare l'età delle persone quando queste parlano in dialetto. Questo risultato suggerisce forse l'attivazione di stereotipi socio-linguistici nel contesto italiano, dove il dialetto è spesso associato alle generazioni più anziane e a un'immagine linguistica "arcaica" o poco attuale. Tale associazione sembra influenzare in modo inconscio il giudizio percettivo degli ascoltatori, portandoli a ritenere le voci dialettali più anziane rispetto a quelle stesse voci espresse in italiano, mostrando come la voce possa influenzare la percezione di alcune caratteristiche biologiche come l'età.

Palabras chave

dialetto, italiano regionale, indici biometrici, fonetica sperimentale

Bibliografía

- ANWYL-IRVINE, A. L., MASSONNIÉ, J., FLITTON, A., KIRKHAM, N. Z., & EVERSLED, J. K. (2020). Gorilla in our midst: An online behavioural experiment builder. *Behavior Research Methods*, 52 (1), 388–407.
- BRAUN, A., & CERRATO, L. (1999). Estimating speaker age across languages. In *Proceedings of the XIVth International Congress of Phonetic Sciences* (pp. 1369–1372). San Francisco, CA: International Phonetic Association.
- PÉPIOT, E. (2015). Voice, speech and gender. *Corela – Cognition, Représentation, Langage*, [En ligne], HS-16 URL <http://journals.openedition.org/corela/3783>;
- GOY, H., Kathleen PICHORA-FULLER, M., & VAN LIESHOUT, P. (2016). Effects of age on speech and voice quality ratings. *The Journal of the Acoustical Society of America*, 139(4), 1648. Posit Team. (2025). RStudio: Integrated development environment for R. Posit Software, PBC.

XOVES 16, AULA C11

9:00-9:30

PANEL María López Sáñez (coord.) (Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, USC)

- O traballo do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega no ensino: da investigación á acción

160

O Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega dedícase ao estudo da situación social do galego a través dunha diversidade de enfoques e metodoloxías. As súas investigacións comprenderon, entre outras cuestións, a medición mediante enquisas de cuestións coma o seu uso ou a súa transmisión entre a poboación, ou a análise de actitudes e ideoloxías lingüísticas. Conscientes da relevancia do sistema educativo na transmisión da lingua ás novas xeracións, unha parte das investigacións máis recentes centraron nel na súa ollada. Cóntanse por exemplo entre estes o *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* e distintos estudos de caso, ou a *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. O interese abrangue hoxe tamén a investigación en dinamización lingüística, a través do proxecto de investigación-acción *Modo galego, actívao!* que dende o 2021 se vén desenvolvendo no concello de Ames. Do interese por estender esta iniciativa a outros municipios do país están a xurdir agora novas oportunidades para levar adiante novas investigacións e intervencións. O obxectivo deste panel é achegar os resultados máis recentes das nosas investigacións neste eido. Xaquín Loredó, baseándose nos datos do IGE máis recentes e dos mapas sociolingüísticos da RAG, analizará a incidencia da lingua de docencia na adquisición de competencias. Pola súa banda, Gabino S. Vázquez-Grandío exporá a evolución dos resultados obtidos nestas catro edicións do *Modo galego, actívao!* celebradas ata o de agora en Ames. O *Mapa sociolingüístico escolar de Santiago* fornecerá o diagnóstico previo á extensión do programa á capital. Martín Vázquez-Fernández presentará un avance dos seus resultados e dará conta, de novo, do impacto da escolarización no desenvolvemento das prácticas lingüísticas das novas xeracións.

- Adquisición de competencias lingüísticas en galego: a importancia da presenza do galego na aula - Xaquín Loredó (Real Academia Galega)

As principais enquisas demolingüísticas realizadas nas últimas décadas amosan unha diminución progresiva do número de falantes de galego. Este proceso de substitución lingüística polo castelán resulta especialmente visible nos últimos anos, sobre todo entre a poboación máis nova residente en contextos urbanos e periurbanos. Neste escenario, o sistema educativo convértese nun espazo clave para observar as dinámicas de adquisición, mantemento ou desprazamento lingüístico, na medida en que nel conflúen procesos de socialización, políticas públicas e prácticas familiares. En paralelo, en Galicia estase a consolidar un perfil sociolingüístico relativamente novidoso e cada vez máis numeroso de persoas co castelán como primeira lingua (33,13%), mentres que as persoas que aprenderon a falar en galego diminuíron case vinte puntos nas dúas últimas décadas (33,94%) e os bilingües iniciais duplicaron a súa presenza (29,18%).

A investigación describe un contexto sociolingüístico caracterizado pola desigualdade funcional entre o galego e o castelán, no que o alumnado non galegofalante adoita manter un contacto limitado coa lingua fóra da escola. Neste marco, o sistema educativo adquire un papel central para garantir unha aprendizaxe significativa e un uso normalizado do galego. Analízanse distintos perfís sociolingüísticos en relación con variables como a lingua vehicular do profesorado, a lingua da escrita, a lingua empregada nas interaccións co grupo de iguais e a presenza de contextos escolares en galego, así como a súa relación coas destrezas e usos lingüísticos.

En definitiva, esta presentación analiza a importancia da lingua de docencia na adquisición de competencias lingüísticas en galego, especialmente no alumnado que ten o castelán como lingua inicial, para o que a escola constitúe un ámbito central de adquisición. Para este fin emprégase a cohorte de idade de 15 a 29 anos da *Enquisa estrutural de poboación e vivendas. Módulo de coñecemento e uso do galego* do Instituto Galego de Estatística (2003, 2008, 2013, 2018 e 2023), complementada cos *Mapas sociolingüísticos escolares* recollidos polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

- *Modo galego, actívao!* Avaliación dos resultados de catro anos de dinamización lingüística - Gabino Segundo Vázquez-Grandío (Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega, USC)

Modo galego, actívao! é un proxecto de investigación-acción en dinamización lingüística que se desenvolve no Concello de Ames dende o ano 2021. A iniciativa xorde da colaboración entre a Real Academia Galega, o concello e os centros educativos para a elaboración do Mapa sociolingüístico escolar de Ames (2021). Este traballo converteu o municipio nun dos mellor coñecidos de Galicia dende o punto de vista sociolingüístico. O Modo galego, actívao! nace coa intención de aproveitarmos a información obtida para intervir sobre a realidade lingüística local e experimentarmos distintos xeitos de dinamizar a lingua entre as novas xeracións.

No curso 2022-2023 botou a andar a primeira edición do programa e dende aquela cada ano participan na experiencia preto de 3000 nenos e nenas, as súas familias, o profesorado e os profesionais da educación non formal. No curso 2025-2026, a intervención celebrou a súa cuarta edición, pechando así un primeiro capítulo de experimentación local que dará paso á extensión progresiva a outros municipios. En cada ocasión, as accións desenvolvidas son avaliadas no seu acollemento e efectividade e modificadas conforme aos resultados obtidos. Dende a segunda edición, os resultados globais son tamén avaliados mediante un modelo experimental, baseado en enquisas administradas previa e posteriormente á celebración do programa ao alumnado de 6º de EP nos 4 colexios públicos e do primeiro ciclo da ESO nos dous institutos do concello. Análises anteriores dos datos producidos demostraron un efecto significativo do programa sobre as actitudes do alumnado e a percepción do uso do galego no curto prazo.

Nesta comunicación presentamos, por primeira vez, unha análise da evolución diacrónica dos resultados obtidos mediante esta metodoloxía. Discutiremos a evolución da adhesión e da efectividade ao longo destes catro anos, o pouso que parece deixar a intervención na poboación infantil amesá e os posibles efectos sociolingüísticos no medio prazo.

- Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela: exposición de resultados - Martín Vázquez-Fernández (Real Academia Galega)

Os datos sociolingüísticos máis recentes sinalan como o galego deixa de ser a lingua falada pola maioría parte da poboación en Galicia. Na dúas últimas décadas, o número de galegofalantes (monolingües e bilingües) reduciuse en arredor de 400.000 persoas, mentres que os falantes de castelán incrementou en 380.000. Entre os indicadores máis significativos esta dinámica destacan a ruptura da transmisión interxeracional e a perda de uso entre a poboación máis nova., un fenómeno especialmente intenso nos contextos urbanos e periurbanos. Neste escenario, o sistema educativo convértese nun espazo clave para observar as dinámicas de desprazamento ou mantemento lingüístico, na medida en que nel conflúen procesos de socialización, políticas públicas e prácticas familiares.

O caso de Santiago de Compostela, capital administrativa e cidade universitaria do país, ofrece un contexto especialmente relevante para unha análise sociolingüística detallada, tanto pola diversidade da súa rede escolar (pública, concertada e privada) como pola súa estrutura urbana e pola mobilidade residencial que caracteriza a cidade.

Este traballo presenta unha primeira aproximación aos resultados do Mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela, unha investigación que combina datos sociolingüísticos e sociodemográficos recollidos entre profesorado, alumnado e familias das etapas de educación primaria, secundaria e postobrigatoria. A mostra analizada supera as 5.000 persoas (N = 5.422). Inspirado en estudos previos, como o Mapa sociolingüístico escolar de Ames, o proxecto ten como obxectivo identificar os factores que estruturan a distribución da poboación escolar compostelá segundo a súa relación coas dúas linguas oficiais.

A análise que aquí se presenta céntrase, de maneira específica, na evolución do uso das linguas cooficiais ao longo das diferentes etapas educativas, coa finalidade de illar o efecto do contexto escolar urbano no desenvolvemento e mantemento da lingua galega na capital galega.

11:30-13:00

SESIÓN DE PÓSTERS

Ana Isabel Boullón Agrelo (Instituto da Lingua Galega, USC)

- A toponimia galega e portuguesa no Toponomasticon Hispaniae

María Álvarez de la Granja (Instituto da Lingua Galega, USC) & Marta Negro Romero (Instituto da Lingua Galega, USC)

- Patrimonio léxico da Gallaecia

María Álvarez de la Granja (Instituto da Lingua Galega, USC), Marta Negro Romero (Instituto da Lingua Galega, USC) & Reyes Rodríguez Rodríguez (Instituto da Lingua Galega, USC)

- Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional

Rosario Álvarez (Instituto da Lingua Galega, USC), Francisco Dubert (Instituto da Lingua Galega, USC), Francisco Fernández Rei (Instituto da Lingua Galega, USC), Manuel González González (Instituto da Lingua Galega, USC) & Xulio Sousa (Instituto da Lingua Galega, USC)

- *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa)

Rosario Álvarez (Instituto da Lingua Galega, USC)

- Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués

Morgana Espírito Santo Braga (Universidade Católica do Salvador) & João Lipe Reis (Secretaria Estadual de Educação do Estado da Bahia)

- Proposta para a construção de um Léxico Alfabético Bilíngue (Libras–Português) aplicado à gestão da informação administrativa

Lurdes Guadalupe Montes Hernández (Universidá d’Uviéu)

- Revisión sistemática de la bibliografía relacionada con la gastrolingüística en lengua asturiana

Sandra Pereira (CLUNL, Universidade Nova de Lisboa) & C. Pinto

- Quando a preposição começa de interessar...

Eva M.^a Domínguez Noya (Instituto da Lingua Galega, USC / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades) / Vitor Míguez (Instituto da Lingua Galega, USC)

- O CORGA, ferramenta para o estudo da variación no galego contemporáneo